

Galicia Suma Talento

Formación para persoas ocupadas (2026 - 2027)

TR302A Información para empresas

Formación destinada á **cualificación profesional** das persoas traballadoras ocupadas para a **adquisición e mellora de competencias profesionais** relacionadas coa **produtividade e competitividade**, a **adaptación aos cambios no posto de traballo e as súas aspiracións profesionais**, para mellorar o **desempeño profesional e a empregabilidade**



Entidades beneficiarias

Orzamento
1ª Convocatoria 2026-2027
10.622.078 €

- » As **entidades de formación titulares** de centros de formación inscritos no Rexistro de Centros e Entidades de Formación da Comunidade Autónoma de Galicia ou, no caso de teleformación, no Rexistro Estatal de Entidades de Formación, para impartir **en Galicia** formación profesional no traballo nas especialidades formativas para as cales soliciten subvención.
- » Considéranse igualmente entidades de formación as **persoas autónomas titulares de centros de formación** debidamente inscritos.

Para poder solicitar a subvención, as entidades deberán ter implementado no centro de formación un **sistema de xestión da calidade, vixente e certificado** por entidades certificadoras acreditadas.

Para poder ser beneficiarias, as entidades deberán contar como mínimo co **compromiso de participación do 30 % das persoas participantes programadas** para poder iniciar a acción formativa.



Persoas destinatarias da formación

- » As accións formativas dirixiranse prioritariamente aos seguintes colectivos de **persoas traballadoras ocupadas** con **centro de traballo (domicilio fiscal*) en Galicia**:

- Persoas traballadoras asalariadas de empresas incluídas nos acordos de formación.
- Persoas fixas descontinuas nos períodos de non ocupación.
- Persoas traballadoras ou socias de entidades de economía social.
- Persoas do réxime especial agrario por conta allea, réxime do mar ou outros réximes que non cotizan para formación profesional.
- Persoal propio da entidade (límite 10 %).
- Persoal das AA.PP. (límite 10 %).
- Persoas autónomas*.

- » Tamén poderán participar **persoas traballadoras desempregadas, ata un límite do 30%.**

A consideración de **persoa traballadora ocupada** virá determinada pola situación laboral da persoa na **data de validación da acta** de selección polas oficinas de emprego.

As entidades beneficiarias deberán asegurarse, **no momento de inicio da formación**, que as especialidades formativas incluídas **continúan a estar de alta e vixentes** no Catálogo de Especialidades Formativas do SEPE, e que a súa duración, contidos e requisitos **son os establecidos no seu programa formativo.**

Galicia Suma Talento

Formación para persoas ocupadas (2026 - 2027)



Selección do alumnado

- » A selección do alumnado participante nas accións formativas **será realizada pola entidade beneficiaria**.
- » As entidades **publicarán no buscador DIPLOS** da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, <https://emprego.xunta.es/diplos>, as ofertas formativas que teñan previsto impartir.
- » Darase conta da selección á oficina de emprego correspondente a efectos da **validación da acta de selección** no prazo de 5 días naturais.

Prazo límite de execución das accións formativas
31 de marzo de 2027



Diplos



Límites e criterios de aplicación na convocatoria

- » As solicitudes poderán incluír ata un **máximo de 6 accións formativas** por censo (**máximo de 3 da mesma especialidade**). Este número **poderá incrementarse** ata o número de accións formativas do procedemento TR302A iniciadas polo censo solicitante na última convocatoria finalizada, cun **máximo de 10**.

Unha vez iniciadas o **40 % das accións formativas concedidas a un censo**, a entidade beneficiaria **poderá presentar unha nova solicitude** de subvención para o dito censo.

- » Por cada censo poderán presentarse **unha ou varias solicitudes respectando o número máximo** de accións formativas..
- » Notificada a concesión de accións para un determinado censo, as entidades **poderán publicar no buscador Diplos** novas ofertas formativas a impartir no citado censo.

Acceso á ficha da sede electrónica



[Pulsa ou escanea]



Intensidade da axuda

- » O réxime de **concesión e xustificación** da subvención será a través de **módulos económicos**, coas contías establecidas para cada **especialidade formativa** no anexo III da convocatoria.

**Contía
modalidade
presencial**

$$\left[\text{Nº de participantes para os que a entidade solicita subvención} \right] \times \left[\text{Nº de horas do programa formativo} \right] \times \left[\text{Módulo económico específico (anexo III)} \right]$$

**Contía
modalidade
virtual**

Será de aplicación o **70 % do importe do módulo económico presencial** euro/hora por persoa alumna, cunha **contía máxima de 7,5 €**

A **valoración económica dos módulos transversais** será a mesma que a establecida no anexo III para os contidos específicos da acción formativa que se vaia impartir.

Custos adicionais derivados da contratación de persoas especializadas na atención do alumnado con discapacidade

16 €
por hora lectiva

Gastos para a adecuación das condicións físicas e/ou tecnolóxicas, e a dotación de recursos e medios didácticos apropiados ás persoas con discapacidade

500 €
máximo por alumno/a